

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 7 DE MAIO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día sete de maio de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, don Francisco Xabier Carreira Sebio.- Concelleiros: Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don José Ignacio Gómez Pérez.- Non asiste Don Marcos Blanco Jorge.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 2 de Maio do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

“Examinado o expediente promovido por **don Francisco Martín Moreno, na representación de France Telecom España S.A. (anteriormente Retevisión Móvil S.A.)**, con domicilio no Parque Empresarial La Finca, Paseo Club Deportivo nº 1, Pozuelo de Alarcón, Madrid, en virtude da instancia nº2439 de data 25 de maio de 2006 e nº 1937 de data 16 de abril de 2007, solicitando licencia para a instalación dunha estación base de telefonía celular da rede DCS 1800, sito no Monte Alegre, Chaira Salgada, deste termo municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2.414/1961 do 30 de Novembro.- RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e os informes técnicos municipais.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitarase ao informe que emita a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.- CONSIDERANDO: que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado a zona (consta escrito da Dirección Xeral de Urbanismo de data 02-10-06).- Visto o Decreto nº 2.414/1961 do 30 de Novembro e demais

disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda: 1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por don Francisco Martín Moreno, na representación de France Telecom España S.A., para a instalación dunha estación base de telefonía celular da rede DCS 1800, sito no Monte Alegre, Chaira Salgada, deste termo municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito Regulamento e disposicións complementarias.- 2º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, aos efectos previstos no artigo 33 do referido Regulamento en relación coa cualificación da actividade.”

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

-“Convenio de Cooperación entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Ribadavia para a realización de obras e Infraestrutura Rural (Acondicionamento da praza do Cruceiriño en Francelos-Fase II)”.

-“Da Confederación Hidrográfica do Norte, comunicando resolución de caducidade de expediente de aproveitamento de 0,34 l/sg de auga a derivar do río Miño, no paraxe “A Barca”, polígono 1, parcela 16, con destino a rego a prol de Don Antonio Domínguez Fernández”.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

ADSCRIPCION DE PERSOAL.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda adscribir o Programa Interreg III A-Enoturismo, proxecto SP1.E182/03 a Don Antonio Míguez Amil. A adscripción será dende o 1 de xaneiro de 2007 e nun porcentaxe do 50%, os efectos de xustificar a correspondente subvención.”

APROBACION DO PLANO DE SEGURIDADE E SAUDE.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Plan de Seguridade e Saúde para a obra denominada “Mellora dos Núcleos de Esposende, San Paio, A Quinza e Outros”, plan que se atopa informado favorablemente polo coordinador de Seguridade e Saúde, dona Leticia Rodríguez González.”

NOMEAMENTO DE COORDINADOR DE SEGURIDAD E SAUDE.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en aplicación do estipulado no Real Decreto 1627/97 de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde, acorda nomear Coordinador en materia de Seguridade e Saúde da obra

denominada “Mellora dos Núcleos de Esposende, San Paio, A Quinza e Outros” a Dona Leticia Rodríguez González, en representación da empresa Grupo MGO S.A.”.

APROBACION DE CONTRATO.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o contrato de Arrendamento de Local de Negocio, formalizado entre o Concello de Ribadavia e Residencial Ribadavia S.L., relativo o baixo sito na Travesía Ribeiro núm. 1, para a ubicación do Viveiro de Empresas do Programa “Equal Avia Crea Futuro”.

APROBACION DE CONVENIO.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Cooperación formalizado entre o Concello de Ribadavia e Residencial Ribadavia S.L., relativo o baixo sito na Travesía Ribeiro núm. 1, para a ubicación do Viveiro de Empresas do Programa “Equal Avia Crea Futuro”.

CONCESION DE SUBVENCIONS.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder unha subvención a Agrupación Deportivo Cultural do Ribeiro, para a organización da XI Edición do Concurso de Pesca Aberto do Ribeiro, por importe de 300 euros. A concesión de subvención rexirase pola Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvención aprobada polo Pleno desta Corporación con data 30 de setembro de 2004, aplicándose supletoriamente a Lei 38/2003, Xeral de subvencións. Para o pago das subvencións ou axudas económicas que se poidan conceder polos órganos competentes, con cargo o orzamento, será indispensable xustificar no prazo de TRES MESES a súa aplicación ós fins para os que se houberan concedido, mediante a presentación dos documentos que, suficientemente, así o acrediten, tal como establece a Ordenanza Reguladora de Concesión de Subvencións”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.